

**CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**  
**DATA 6 de setembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

**VOGAIS**

DNA. LUZ MARIA ABALO PEREZ

DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

D. GASPAR GONZÁLEZ SOMOZA

**TÉCNICO**

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 6 de setembro de 2017 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 2 de agosto de 2017, que se aprobou por unanimidade.

**VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:**

**COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES**

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Virginia Mondragón Paz en representación de HERMANOS MONDRAGON PAZ S.A., para reparación de muro de cerre e substitución de portas de acceso na Rúa Castelao nº 9 e 20 (Ref. Cat. 9360016NH1196S e 9260002NH1196S).

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística, xa que consta aberto expediente D-10/17 de deber de conservación sobre a parcela co nº 20.

Comunicaselle que as obras rematarane no prazo máximo dun ano. (Expte. 265/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M<sup>a</sup> Isabel Fernández García, para renovación interior de piso na Rúa Arcebispo Lago nº 6-1º C (Ref. Cat. 9261504NH1196S0011SQ).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos. Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 509/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Pablo Chaves Montenegro e representación de D. Fernando Miguéns García, para soleira de formigón en baixo sen uso sito na Avda. Agustín Romero nº 21 Pal.2 Bx.7 (Ref. Cat. 9456003NH1195N0054AU).

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 511/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. David González Caamaño en representación de COM. PROP. JULIO CAMBA 3, para reparación de fachada no edificio sito na Rúa Julio Camba nº 3 (Ref. Cat. 8752505NH1185S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máxmo dun ano. (Expte. 513/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Vieitez Garrido en representación de COMMCENTER S.A., para adecuación interior de local comercial na Rúa Conde Vellellano nº 2 Bx. Esda. (esq. Pza. Galicia) (Ref. Cat. 9361804NH1196S0009JW)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 514/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Salido Salido, para renovación interior de piso na Pza. Xoan XXIII nº 3-2º E (Ref. Cat. 9564020NH1196N0216GR).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos. As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 516/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Diego Baños López, para renovación interior de piso en Avda. Rosalía de Castro nº 113 – 3º D (Ref. Cat. 9077202NH1197N0034AR).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos. As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 517/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Benjamín Díaz Montes en representación de COM. PROP. GUMERSINDO NARTALLO 3, para reparación de fachadas no inmovible sito na Rúa Gumersin Nartallo nº 3 (Ref. Cat. 9561015NH1196S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo

contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 520/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Somoza Rodríguez en representación de COM. PROP. PRAZA RAVELLA 24-25-26, para mantemento de fachada no inmovible sito na Pza. Ravella nº 24-25-26 (Ref. Cat. 9463009NH1196S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 522/17)

## LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude de Dña. Luz Divina Casal Lago en representación de CASAL LAGO S.L., para instalación de mamparas pregables, ancoradas á fachada no local sito na Avda. Dr. Tourón nº 25 bx. (Café-bar "bella Arosa"), de conformidade coa documentación achegada, debendo axustarse ás condicións indicadas no Art. 26 da Ordenanza municipal:

### Artigo 26.: Mamparas, separadores, cortaventos

1. Os elementos separadores e mamparas deberán estar incluídas na superficie autorizada da terraza e non poderán ter máis de 1,60 m de altura e o seu deseño deberá garantir a estabilidade, resistencia ó vento e seguridade. Non se permiten cortaventos de lona
2. As mamparas serán de material ríxido preferentemente transparente e con

deseño acorde cos veladores das respectivas terrazas. Deberán ser retiradas ao final de cada xornada.

3. Poderán autorizarse, previa licenza urbanística, mamparas pregables fixadas á fachada do edificio que **cumpran as seguintes condicións:**
  - a. Que contén con permiso do propietario ou comunidade de propietarios do edificio.
  - b. Que na posición pregada non produzan un resalto sobre a fachada superior a 15 cm nin a 1/10 do largo da beirarrúa. O pregamento non poderá interferir os panos practicables de portas e fiestras.
  - c. Que na posición estendida teñan unha lonxitude máxima de 2,30 m sen superar o fondo autorizado para a terraza. (Exp. 172/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Emilia Varela Cheda, para demolición parcial de peche no Cmño Real de Trabanca Sardiñeira (Ref. Cat. 948005NH1198S0001DT), ampliado en altura onde se adapta á aliñación e a retirada do aumento, na zona que non respecta a aliñación .

Unha vez realizadas as obras de demolición, darase conta ao departamento correspondente de cara ao arquivo do expediente de Reposición de Legalidade D-24/17.

Dése conta ó Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos. (Expte. 432/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Miguel García Cerqueiras, para legalización de reforma de cheminea na Rúa Mulatas nº 13 (Ref. Cat. 9469019NH1196N0001WO), de conformidade coa documentación achegada.

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística en relación expte. D-44/17 de reposición de legalidade. (Expte. 479/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Paulos César, para legalización de obras de peche entre colindantes, na Rúa Faxilde nº 68, Sobrán (Ref. Cat. 7644812NH1174S0001KZ), procedendo á demolición do peche afectado pola aliñación , debendo ser revestio e/ou pintado.

Asemade, se informe desfavorablemente a demora solicitada para a demolición, debendo proceder de forma inmediata a efectuar as obras de legalización.

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos do expte. D-46/17 de reposición da legalidade. (Expte. 508/17)

Informar favorablemente vistos os informes técnico e da Policía Local, a solicitude de Dna. Manuela Costa Rodriguez en representación de COM. PROP. BLANCO AMOR 1, para instalación de entrada de carruxes na Rúa Blanco Amor nº 1, debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90°, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2º.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3º.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunícaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 456/17 ).

Informar favorablemente vistos os informes técnico e da Policía Local, a solicitude de D. José Luis Otero Grande, para instalación de entrada de carruaxes na Rúa "10" – A Rosaleda nº 15, debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90º, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2º.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3º.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunícaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 460/17 ).

Informar favorablemente a solicitude de D. Fernando Val López en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica (Nº SDG: 248316100002) no Lugar de San Xoan s/n – Campanario – Bamio.

Consta no expediente autorización para a execución das obras da Delegación Provincial da Consellería de Cultura ao atoparse na área de respecto do xacemento 6-PHA e de afección dos elementos catalogados 77-PHA e 88-PHA.

Deberá axustarse ás seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez**

**executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.

3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescripcóns Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)

#### 5. Reposicións

##### **GABIA TRANSVERSAL**

Para a reposición da gabia do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 2 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
7. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
8. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
9. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
10. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
11. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
12. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
13. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
14. A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 23/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Fernando Val López en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica – RBTS Avda. Carolinas (Nº SDG: 248316090217) na Avda. As Carolinas nº 27, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).

2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. **Reposicións**  
**A beirarrúa repoñerase ao seu estado inicial.**
6. **Autorización sectoriais**  
**Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida polo Ministerio de Fomento ( NREF A362017/0037-II).**
7. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
8. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
9. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
10. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
11. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
12. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
13. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
14. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
15. A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 112/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Fernando Val López en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para melloras no centro de transformación Brandariz (MD2015RGPN01567) NA Rúa Castelao nº 18. (Exp. 510/17)



Informar favorablemente a solicitude de D. Jose Manuel Castro Dominguez, en representación de CORREDURÍA ASEMON S.L., para legalización dos rótulos instalados no local sito na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 27 bx. (Exp. 357/17)

## LICENZAS DE SEGREGACIONES

Dáse conta da solicitude presentada por Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Torres Rodríguez, para segregación de parcela situada no lugar de Sobran-Vilaxóan, de conformidade co proxecto técnico presentado asinado polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Wenceslao Vidal Eiras en data 4 de xullo de 2014.

O obxecto da división da finca proveñe dunha herencia indivisa, cunha única referencia catastral, cunha superficie total de 35.559 m<sup>2</sup> segundo escritura pública e 34.986,00 m<sup>2</sup> segundo medición indicada no proxecto.

Da parcela inicial segregase unha porción de 3.245 m<sup>2</sup> para partición da herdanza, polo que as parcelas ou lotes resultantes serían os seguintes:

- **Parcela 1<sup>a</sup> (finca segregada ) de 3.245m<sup>2</sup>** en Solo de Rústico de Protección ordinaria.
- **Parcela 2<sup>a</sup> (resto de finca matriz) de 31.741 m<sup>2</sup>** en Solo de Rústico de Protección ordinaria.

Segundo o disposto no artigo 206 da LOUGA “1. No solo rústico non poderán realizarse nin autorizarse parcelacions, divisions ou segregacions, excepto aquelas que se deriven da execución, conservación ou servizo de infraestruturas públicas, da execución de equipamentos públicos, da realización de actividades extractivas ou enerxéticas, da execución do planeamento urbanístico ou que teñan por obxecto a mellora das explotacións agropecuarias existentes.

(...)

Sen embargo, poderá autorizarse a división de parcelas vacantes de edificación por razón de partición de herdanzas, sempre que se faga constar o compromiso expreso de non edificar os lotes resultantes e non afecte a solos de especial protección agropecuaria. Esta condición de inedificabilidade dos terrenos debe facerse constar expresamente no rexistro da propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade”.

No proxecto técnico presentado de data 4 xullo de 2014, indícase que estas fincas pertencen á herdanza de Dona M<sup>a</sup> Josefa Padín Piñeiro, que se atopan en indiviso (achégase copia do testamento), e que a finalidade desta segregación é realizar unha partición parcial da herdanza.

Considerando o anterior **informase favorablemente** a división descrita anteriormente por razóns de partición de herdanza, se ben como indica o artigo 206 deberá achegar:

- **COMPROMISO EXPRESO DE NON EDIFICAR OS LOTES RESULTANTES outorgado ante fedatario público, e facerse constar expresamente no rexistro da propiedade, tal e como indica o artigo 206 da LOUGA, a condición de inedificabilidade das parcelas resultantes, así como en todos os actos de transmisión da propiedade.** (Exp. 709/14)

## LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA S.A., para ampliación de depuradora en parcela sita na Avda. As Carolinas nº 75, de conformidade co proxecto básico redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Miguel Eguiluz Salas, e documentación complementaria achegada.

Consta no expediente Resolución favorable, de data 05/04/2017, de Augas de Galicia autorizando as obras e, indicando a necesidade de cumprir unha serie de condicións expostas na devandita Resolución.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

Dado que o proxecto presentado é básico, con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar:

- Proxecto de execución debidamente visado polo colexio profesional correspondente.
- Estudo de Seguridade e Saúde.
- Oficio de nomeamento de coordinador de seguridade e saúde si concorren as circunstancias indicadas no Real Decreto 1627/97.

Non consta abonado o ICIO, polo que deberá darse traslado ao Departamento de Rendas aos efectos oportunos. (Exp. 709/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Celso Suárez Cadillo en representación de Com. Prop. Avda. Dr. Tourón 8, da excepcionalidade do cumprimento das normas de habitabilidade NHV-2010 do anexo I, nos seus apartados I.B.2.1, I.B.3.1.2, I.B.3.1.3, E I.B.3.2.3. no relativo ás dimensións do patio, no inmovible sito na Avda. Dr. Tourón nº 8 (Ref. Cat. 9359604NH1195N), e informar favorablemente, asemade, as obras de reforma de portal e instalación de ascensor no citado inmovible, de conformidade co proxecto técnico redactado polo Arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruiz, visado coa data de 10/07/2017.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Exp. 441/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. David González Quintáns, vistos os informes técnico e xurídico, para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar entre medianeiras, no lugar de Rúa Bouza de Abaixo nº 35 - Vilaxoán, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Raimundo Ferreirós Ferro, e documentación complementaria achegada. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano. Ordenanda Residencial nº 7 “Áreas correspondentes ós núcleos orixinais de Carril e Vilaxoán”
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 10,00 m. , B+2
4. Orzamento de execución material: 95.900,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 7753013NH1175S0001JG
6. Técnicos directores das obras:

Arquitecto D. Raimundo Ferreiros Ferro.

Director das obras D. Raimundo Ferreiros Ferro

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Dado que o proxecto presentado é básico, con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar:

- Proxecto de execución debidamente visado polo colexio profesional correspondente.
- Oficios de Dirección de Execución Material.
- Oficio de nomeamento de coordinador de seguridade e saúde si concorren as circunstancias indicadas no Real Decreto 1627/97.
- Ficha de Estatística da Edificación e da Vivenda dado que non consta presentada no expediente.

Non consta que se teña abonado o ICIO, polo que deberá darse traslado do expediente ao Departamento de Rendas aos efectos oportunos.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. 770/16)

Dáse conta do proxecto de execución presentado por D. Juan Ignacio Pita Riva, para construción de vivenda unifamiliar na Rúa Río Ulla nº 9 – Urb. San Roque de Carril, redactado polo Arquitecto D. Amancio Losada Vicente, visado coa data 18/05/2017, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 4 de abril de 2017.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo da a súa conformidade ao devandito proxecto de execución e documentación adxunta. (Expte. 291/16)

Dáse conta da solicitude presentada por Dña. Teresa Caldas Quintela de prórroga para execución das obras de construción de vivenda unifamiliar na Rúa As Carballas s/n – Cea, que foi concedida mediante Resolución de Alcaldía de data 30 de maio de 2013.

Á vista do informe emitido ao respecto, infórmase favorablemente a concesión dunha prórroga de 6 meses para o inicio e de 3 anos para o remate das devanditas obras, supeditada ao remate exterior da edificación. (Expte. 187/12)

## **LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS**

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Castro Dominguez, en representación de CORREDURIA ASEMOM S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de correduría de seguros na Rúa Arz. Gelmirez nº 27- fachada con fronte ao Paseo Rodrigo de Mendoza nº 11 Bx. 1-4-1. (Expte. 2017/2 incouas)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Mercedes Mondragon Betanzos, para o inicio e desenvolvemento da actividade de 2.7.2. CAFÉ BAR na Rúa Moreira nº 23 Bx. – A Laxe, denominado “O Lar de Merchy”, baixo as seguintes condicións:

a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007.**

c) Aforo do local: 43 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 03/01/2017..

d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.

e) Traballará coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada.

f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroque co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.

g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.

h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

i) Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.

j) Os aparatos de son actualmente existente (DUAS TELEVISIONS) modelos e marcas LG 32LH500D-AZ e SAMSUNG UE58J5200AW, con nºs de series: 607TGYX13274 e 08H03SOHA00032Z, foron precintadas pola Policía Local con data 08/02/2017 a 69.1 dB(A) e 68.4 dB(A), respectivamente, para un máxmo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro do citado aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.

k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente aos actuais, é decir, ás DUAS TELEVISIONS E O LIMITADOR DE SON, á que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.

l) **NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONS MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**

m) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN,** de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Deberá respetarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).

o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do

31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

q) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010). (Exp. 2017/3 RXP)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Vanessa García Torres, para cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de 2.7.2. CAFÉ-BAR na Avda. Dr. Tourón nº 45 Bx. Esda., denominado "Café-Bar Tapería Arousa", baixo as seguintes prescricións:

a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 24/07/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) Aforo do local: 42 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 06/02/2017.

d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.

